

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**2761** *Corrección de erros da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Advertidos erros na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 340, do 30 de decembro de 2020, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 14, no punto Un bis do artigo único, texto de regulación, na letra i), onde di: «i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais, de coidados de colaboración social.», debe dicir: «i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais, de coidados e de colaboración social.».

Na páxina 24, no punto dezasete do artigo único, texto de regulación, na modificación do artigo 25.1, onde di:

- «a) Educación Física.
- b) Xeografía e Historia.
- c) Lingua Castelá e Literatura e, se a houber, Lingua Cooficial e Literatura. Lingua Estranxeira.
- d) Matemáticas, con dúas opcións diferenciadas.».

Debe dicir:

- «a) Educación Física.
- b) Xeografía e Historia.
- c) Lingua Castelá e Literatura e, se a houber, Lingua Cooficial e Literatura.
- d) Lingua Estranxeira.
- e) Matemáticas, con dúas opcións diferenciadas.».

Na páxina 63, no punto oitenta do artigo único, texto de regulación, na modificación da disposición adicional décima, número 4, onde di: «4. Sen prexuízo da posibilidade de ingreso regulado na disposición adicional novena, número 4, para acceder ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas...», debe dicir: «4. Sen prexuízo da posibilidade de ingreso regulado na disposición adicional novena, número 3, para acceder ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas...».

Na páxina 79, no punto nove da disposición derradeira primeira, texto de regulación, no número 1, na terceira liña, onde di: «Por tres representantes do titular do centro. Catro representantes do profesorado.», debe dicir: «Por tres representantes do titular do centro. Por catro representantes do profesorado.».